

Pseudónimo: Abenhumeya

## ARENGADOR

Quen soprará as duascenas candeas?

Quen terá folgos e pedirá o desexo?

Torta de chocolate gorentando o

provincialismo galego e ateigando

o padal ca suntuosa nata que empacha

o orgullo. A túa cera quente esborrexe asolagando

de bravura o galeguismo, xa se vai espallando

o seu olor inconfundible.

Santa María do Azogue abanea

o berce betanceiro vendo como

se derrete a auga bautismal.

Feliciano e Francisca criaron un médico

que curou como escritor e xornalista,

súas son palabras que xermolarán

eternamente na saúde da identidade.

Absolutista exaltado foi seu pai,  
os liberais seguíronlle as pegadas e  
xulgárono. Curioso é, certo, como o  
fillo enarbora unha bandeira  
que tanto bateu nun pai do Antigo Réxime.

Besbello foi Antolín na universidade  
compostelá, con compañeiros e profesores  
sementou na Academia Literaria o rexurdimento  
da súa terra. Apesarada, taciturna;  
sedenta dunha troula política, cultural e agraria.  
Abraio. Famenta de manexar o seu destino.

Mente liberal, progresista, fonda dor  
pola mordaza que marxinaba e asfixiaba  
nun silencio dorido que berraba: céibame!

Foi brigantino o máis memorable expoñente  
do provincialismo galego. Alma nos seus tentos

para unha terra de personalidade única e  
atributos de seu necesitados de erguerse  
e galopar. Velaí ven, ciscando na conciencia  
o inconformismo e zarrapicando co antídoto  
da resignación. Apaixonado, incontestable liberado.

Verbas robustas, prendidas con poutas en

*El Recreo Compostelano, La situación de Galicia e El Idólatra de Galicia.*

Marabillado ficara das ideas do seu maestro

Ramón de la Sagra e xuntos ferveron o primeiro

xornal anarquista, *El Porvenir*. Breve pero senlleiro.

Libaba do cristianismo de Bonald e Lacordaire,

mesturábao no amoadado para degustalo no progreso

sen o Reino de Galicia; relambendo nas

comarcas, concellos e parroquias.

Erupción de futuro proendo na prosperidade.

Fervedoiro de aprendizaxes, bulebule de reflexións,

revolución lectora de bico enzoufado con modernidade:

A.F., Vicente Cociña, José Neira de Mosquera,

Manuel Rúa Figueroa, Xosé María Gil, Francisco Añón,

Antonio Romero Ortiz... camiñaron da man de

Pío Rodríguez Terrazo, Domingo Fontán,

Rodríguez del Valle, o doutor Casares.

Esparexían os seus discursos mentres

escorregaban polos xornais na

buxaina da rebeldía romántica.

De Santiago emerxen as faíscas cara outras

ciudades galegas, conspiran para trocar

o goberno de Narváez.

Lava que arderá.

1846, abril. O momento chegou.

Día 2. No pronunciamento liberal-progresista do

coronel Solís coseu como secretario.

Día 15. Zúrcese proclama. Zúrcese sen dedal

cun exército cheo de estudantes,

danzan contra o do xeneral Concha.

Madrugada 22-23. Cacheiras. Loita ben dotada máis

os de Solís acuruxáronse cara Santiago,

cruenta retirada e incumprimento do

pacto de rendición. Sarillo no fracaso.

Día 26. PUM e silencio. Solís e once dos seus homes.

Carral, testemuña do fusilamento. Mártires de granito

soterrados en Paleo.

Sálvese quen poida.

Portugal. Exilio acolle a Faraldo.

Madrid. Loita activa pola terra pero lonxe dela,

apetito non saciado.

Córdoba. Granada, últimos pestanexos.

Trono para el. Gran soñador. Faraldo Malvar

tamén agromou na *Alba de Groria* de Castelao.

Agasallouno con honra Murguía, atestándoo

de gabanzas e loas.

Pioneiro póstumo. Eterno precursor.